

FESTAS DO CRISTO

12 ao 15 de setembro de 2025
O BARCO




"Veciñas do Barco e das ribeiras valdeorresas,
e tamén vós, que vinestes doutras terras:
benvidas todas ao Barco, terra de festa e de viño!"



"Chegou o tempo
do 'troupele, troupele',
chegou o tempo
de troupelear"



...de bater cos pés no chan ao son da gaita, da orquestra e da troula.
¡Veña pandeiro, que hoxe hai moito que fiar!"



"E quen queira modernidades, que revolucione as cadeiras, mova os cadris,
e faga reviravoltas como no cine. Que a vida é curta, pero a festa pode ser longa!"



"E antes de nada,
unha preguiza ao Bo Xesús Nazareno,
que nos dea saúde, alegría e viño do bo,
para hoxe, para mañá,
e para toda a vida que veña."





SAÚDA DO ALCALDE

Veciñas e veciños do Barco, amigos e amigas de Valdeorras e de tantos outros lugares que nos visitades nestes días tan especiais.

Do 12 ao 15 de setembro, O Barco volverá a vestir as súas mellores galas para celebrar as Festas do Cristo, unha das citas máis esperadas do ano.

Para min, estas festas teñen un significado moi especial, pois son as primeiras que vivirei como alcalde. Asumo esta responsabilidade con orgullo, ilusión e un profundo respecto, consciente do importante legado que recollo tralos 26 anos de dedicación exemplar de Alfredo García á fronte do noso Concello. A Alfredo quéroлле dedicar un recordo moi especial. El xa ocupa un lugar moi destacado e importante na historia do Barco.

As festas son un momento de reencontro, de ledicia compartida e tamén de recoñecemento. Quero agradecer a Eva Arias, atleta valdeorresa e varias veces gañadora da nosa Milla Urbana, que aceptase ser a pregoeira destas festas. A súa traxectoria, esforzo e amor a esta terra fan dela a mellor embaixadora posible para prender o chupinazo de inicio das celebracións.

Diferentes concellerías do Concello do Barco, lideradas pola de Cultura, traballaron arreo durante meses para ofrecer un programa no que se combina tradición, música, deporte e convivencia. Nesta ocasión, ofrecemos unha programación de gran calidade, con orquestras e actuacións musicais de primeiro nivel que animarán as noites e tamén propostas deportivas xa consolidadas e moi queridas por todos e ademais O Barco será este ano



escenario dun evento de proxección internacional como preludio ás actividades do Cristo: a saída da etapa 17 da *Vuelta a España*, o 10 de setembro.

Non faltará a tradicional tirada de fogos artificiais, nin as calantornias e os cabezudos, que acompañarán a procesión enchendo de cor e alegría as rúas do noso pobo. E por suposto, non esquecemos aos nenos e nenas, que terán á súa disposición múltiples actividades pensadas para que vivan con entusiasmo estas xornadas tan especiais.

O Cristo é a mellor oportunidade para fortalecer os lazos que nos unen, para compartir mesa, risas e lembranzas coas nosas familias e relacións. Convido a toda a cidadanía a saír á rúa, a gozar, a participar e a vivir intensamente estas Festas do Cristo 2025. Facémolo por tradición, por devoción e, sobre todo, porque somos un pobo que sabe celebrar a vida.

Boas festas! Viva O Cristo 2025!

Aurentino Alonso
Alcalde

O PREGÓN. EVA ARIAS

Falar de Eva Arias é falar de vitorias na Milla Urbana das Festas do Cristo. A pesar de que con 18 anos marchou de Valdeorras, sempre mantivo o contacto coa terra que a viu medrar, sendo moi poucas as edicións da Milla nas que ela non participou.

Moitas persoas relaciónana co atletismo, pero son moitas máis as que a coñecen e a queren polo que ela é: unha valdeorresa orgullosa da súa terra, cunha marcada personalidade; unha persoa amable, disciplinada e dedicada en corpo e alma a todo aquilo que fai.

Eva naceu e viviu en Barcelona ata 1984, ano no que os seus pais deciden regresar a Valdeorras e, xa con 6 anos, achégase ao atletismo que impulsaba no Barco o club ADAS. Na súa primeira carreira, e malia que nos primeiros pasos sufriu unha caída, xa resulta gañadora.

Aínda que subiu a moitos podios ao longo da súa carreira, confesa terlle un especial cariño á primeira medalla que conseguiu a nivel nacional: a prata de 1.500 metros nos Campionatos de España Júnior en Elx (1999) cando era entrenada por Tinín. Esa medalla, segundo as súas palabras, valeulle como agradecemento para con todos os que a apoiaran e axudaran aquí en Valdeorras e tamén como punto de inflexión xa que, a partir de aí, a súa vida deu un xiro de 180 graos.

Cando chega á maioría de idade, e alentada polo seu adestrador, establece a súa residencia en Madrid, onde estivo becada na Blume. Alí pónse en mans de Antonio Postigo e ata o 2005 pelexa as medallas en xogo conseguindo nos Campionatos de España: 1 ouro, 2 pratas e 5 bronces competindo nos 1.500 metros e nos 3.000 obstáculos.

No 2005 Eva establécese en Lloret de Mar e alí comeza a súa preparación para os 3.000 metros obstáculos, proba na que acabaría obtendo os seus mellores resultados.



En 2006 consegue nos 1.500 a prata en Zaragoza e no 2007 o bronce en Donosti.

En 2009, nos Mundiais de Berlín, foi finalista en obstáculos cunha marca que suporía a mellor da súa traxectoria e que conseguiu situala segunda no ranking nacional. A partir dese momento empezou a verse sobre a pista á especialista nesta modalidade. A unha atleta coma ela, que procedía dos 1.500 e que estaba xa curtida en ritmos moi fortes, non lle foi difícil o cambio. O momento máis áxido da súa carreira viviuno nese ano cando se proclamou campioa de España de 3.000 obstáculos en Barcelona.

Nos anos posteriores 2010 e 2011, e a pesar dunha lesión, Eva seguiu colleitando medallas nos 3.000 metros obstáculos, colocándose 3º nos podios das principais probas a nivel nacional.

En setembro de 2012 en Pamplona a atleta valdeorresa conquistaría a súa última medalla, unha prata que puxo o broche ao final da súa carreira deportiva.

Esta valdeorresa, forxada en moitos lugares de España e curtida en moitas batallas, será a encargada de ler o pregón das Festas do Cristo 2025.

ANXO BARANGA, AUTOR DO CARTEL

Diplomado pola Escola Massana de Barcelona e La Llotja (Escola Oficial d'Arts Aplicades i Oficis Artístics de Barcelona). Cunha ampla traxectoria artística, foi autor das ilustracións de dous libros de J.A.M. e ten colaborado en publicacións de Galicia como *A Nosa Terra*, *Escrita*, *Alborada*, ou *Treboada*. Participou na creación dos fanzines *Microbius* (1979), *Kanalla* (1993) e *Catalizador* (2009).

É cofundador e director de grupos teatrais en Barcelona como Terceiro Andar (1980) no Centro Galego de Barcelona, *Canalla* (1993), *Furafollas* Agrupación Teatral (2001) e AUGATEBA (Aula Universitaria Galega de Teatro de Barcelona dirixida por Camilo Valdehorras), así como o FDG Teatro. Foi membro do Institut de Experimentació Teatral da Universidade de Barcelona, dirixido por Ricard Salvat e participa no Festival de Tardor de Barcelona (1990 e 1991).

Como pintor, con estudo no barrio barcelonés do Raval, simultánea a creación



dunha obra persoal co activismo social desde a cultura, como se demostra no seu interese por activar unha arte popular e baseada na conciencia das diferenzas étnicas e lingüísticas no programa *Catalizador* (2009), que se desenvolveu desde a galería La Xina A.R.T., do fonsagradino Benxamín Álvarez, e coas actividades para a recuperación da obra de Florencio Delgado Gurriarán (FDG) en Córghomo como as Xornadas Teatrais FDG de Córghomo (2001-2009), murais nas casas da parroquia e a defensa da candidatura de Delgado Gurriarán para dedicarlle o Día das Letras Galegas.

Organizou obradoiros de banda deseñada, debuxo e pintura en diferentes escolas de primaria e secundaria en colaboración co Proxecto Galauda. En 2017, xunto co artista Jaume Muelas, crea o espazo artístico ArtefactoRoig.

Participou de maneira activa en numerosas accións e agrupacións a prol dunha cultura galega crítica desenvolvida en Cataluña, como a Plataforma Nunca máis de Cataluña, Asemblea Cultural Galega en Barcelona (ACGB).

Gañador do Premio da Secretaría Xeral de Emigración 2007 da Xunta de Galicia na sección de pintura.

Este Valdeorrés é o autor do cartel das Festas do Cristo deste ano.





PROGRAMA FESTAS DO CRISTO

1 ao 14 de setembro

I Torneo Popular de Tenis Vila do Barco



PISTAS MUNICIPAIS DE CALABAGUEIROS

Torneo popular de tenis non federado. Categorías: Individual e dobres absoluto (masculino e feminino).



6 de setembro

8ª Memorial Jess Carrera de fútbol sala



17:00 H



PAVILLÓN DE CALABAGUEIROS

Cuadrangular de fútbol sala coa participación de Trepalio F.S. (León), Ponfesala F.S., A.D.I. Vianariño F.S. e Pizarras Los Tres Cuñados F.S.



6 e 7 de setembro

Feira de produtos Tradicionais do Eixo Atlántico Galicia e Norte de Portugal



11-14 | 17-21 H



PRAIA FLUVIAL DO MALECÓN

A Feira de Produtos Tradicionais do Eixo Atlántico é un feira gastronómica á que desde hai máis de 5 anos acoden produtores de toda Galicia e do Norte de Portugal. Nela podemos atopar queixos, mel, aceite, compotas, embutidos, doces, e moitos máis produtos con garantía de orixe e traídos da man dos seus propios produtores. Tamén haberá unha pequena mostra de artesanía tradicional. A feira ofertará actividades complementarias musicais e lúdicas".



10 de setembro

Volta Ciclista a España



14:00 H



AVDA. CONDE DE FENOSA

17ª etapa da volta ciclista, con saída no Barco e meta no alto do Morredero, en Ponferrada.



Xoves 11 de setembro

Inauguración da exposición Baranga "en construción"

(Autor do cartel das Festas do Cristo 2025)



20:30 H



SALA DE EXPOSICIÓN. PRAZA DO PRÍNCIPE

Esta exposición amosará unha selección de obras pictóricas e escultóricas para coñecer máis en profundidade o artista valdeorrés. No espazo artístico desenvolveranse tamén obradoiros e sesións de narración oral.

"Esta non é unha exposición de pintura ao uso, senón unha xanela aberta a un proceso creativo e multidisciplinar no que afondo desde o ano 2001 entre Barcelona e Córrego, dous portos da mesma viaxe interior".

"Pintura, escultura, teatro, vídeo, narración oral, banda deseñada... son linguaxes que se entrelazan como fíos dun mesmo tecido, co propósito de deixar pegada do que somos, do que facemos, do que lembramos e do que imaxinamos. A semente desta proposta agromou no seo de Furafollas Agrupación Teatral, e tamén grazas á complicitade e á memoria viva das veciñas e veciños de Córrego, que coas súas voces, historias e xenerosidade alimentaron este camiño creativo".

"Todo comezou, ou quizais cobrou forma, co impacto fondísimo que deixou en min o visionado do documental-ficción "en construción" de José Luis Guerin".



Venres 12 de setembro

Circo de rúa. Tchyminguagua

(Público familiar)



19:30 H



PASEO DO MALECÓN

Este espectáculo, con máis de 3.000 funcións realizadas por todo o mundo, combina a acrobacia teatral, a danza e a música destacando o folclore e a cultura colombianos. Os actores e actrices, compenetrados harmónicamente, realizan saltos mortais e pirámides corporais que parecen imposibles. O ritmo, a forza e a enerxía, así como as vívidas cores do seu vestiario, farán as delicias do público.



Pasarrúas a cargo de Los Pamplinas



20:30 H



RÚAS DO BARCO

Los Pamplinas son un grupo de música tradicional que vén das terras veciñas de El Bierzo con ganas de inundar de alegría as nosas Festas. Cunha estética de domingo de mediados do século XX e cunha mestura entre a música tradicional e a máis popular, pero con moito nivel, amenizarán o percorrido dende o Malecón á Praza Maior acompañando ás Calantornias. Non volos perdades.



Pregón e chupinazo



21:00 H



PRAZA MAIOR

Eva Arias será a encargada de ler o pregón das Festas. Ao seu remate, o Chupinazo dará comezo ás Festas do Cristo de 2025.



The Black Wings e Seika



22:00 H



PRAZA LAURO OLMO

The Black Wings é un grupo de hard rock. Tras un parón de varios anos, en 2024 reactivaron a banda, anunciando un concerto e un novo traballo para principios de 2025. A banda caracterízase polo seu son hard rock clásico, con influencias de bandas como Guns n'Roses, ACDC e Mötörhead.

Seika é un grupo que se move principalmente dentro do metal e vertentes do xénero. Levan un humilde percorrido pero planean seguir rodando escenarios, aprendendo, e traballando nunha maqueta que teñen prevista para este ano.

Cañón



23:00 H



CAMPO DA FESTA

Chegan dende Santa María del Páramo para facernos vivir unha festa única e especial. O seu repertorio fai un percorrido por toda a historia da música e combina

os mellores éxitos de hoxe e de sempre cunha calidade musical de primeiro nivel e un repertorio variado no que non falta nada. As súas versións teñen sempre o seu toque "cañoneiro" e moito rock n roll. Ademais, a súa montaxe é unha das máis impresionantes de toda a verbena a nivel nacional.



Sábado 13 de setembro

Campionato de petanca "Festas do Cristo"



MAÑA | TARDE



PISTAS DO CHAIO

Organizado polo Club Petanca Valdeorras, coa participación dos clubs de Vigo, A Coruña, Negreira, Lugo, A Rúa, Larouco, Villafranca e San Pedro.



Festa das Pandillas



12:00 H



PRAIA FLUVIAL DO MALECÓN



12:00 horas. Recepción das pandillas / acreditacións.


13:00 horas. Concerto sesión vermú
Festa das Pandillas con Unión Phenosa

O ano pasado foron a sensación da festa

facendo vibrar o público coa súa calidade escénica e seu extraordinario repertorio musical. Este ano repiten na Festa da Pandillas, porque con eles o éxito e a diversión están garantizados.

14:00 horas. **Pinchada Popular** (require inscrición previa das pandillas na web do Concello ou no Departamento de Cultura no Teatro Lauro Olmo e o pago da entrada: 10€)

15:30 horas. **Concerto sobremesa Unión Phenosa**



V Descenso Popular do Sil



16:00 H



SOBRADELO - O BARCO

Para todas aquelas persoas que queiran participar no Descenso popular do Sil facendo o percorrido nas súas propias embarcacións (lanchas, kaiaks, etc).



Tren fluvial



17:30 H



ESTACIÓN DE TREN DO BARCO

Saída do tren fluvial (gratuito) ata Sobradelo para poder asistir á saída do Descenso do Sil. Os encargados da música e da animación serán os integrantes do grupo Brisas do Sil.

Descenso do Sil en piragua



18:00 H



SOBRADELO - O BARCO

57 edición desta prestixiosa proba, un dos actos imprescindibles dentro do programa das Festas do Cristo. Ás 20 horas terá lugar no Malecón a entrega de premios.



Orquestra La Fórmula



21:00 | 01:30 H



CAMPO DA FESTA

18 artistas no escenario e moitas persoas traballando detrás para conseguir sorprender ao público cun directo espectacular. Neste 2025 a orquestra cumpre o seu 10 aniversario e para celebralo presentan o que eles dan en chamar **A xira perfecta** na que poderemos viaxar polas músicas de todo o mundo das décadas dos 80 e 90, pero tamén con algunha parada nos anos 40.



Navegando a Barlovento



23:00 H



CAMPO DA FESTA

Navegando a Barlovento é unha banda de rock valdeorresa fundada no 2008. Beben de influencias moi diversas e as súas letras están cargadas de emoción. Despois dun tempo en silencio voltan aos escenarios con enerxías renovadas.



The Rapants



23:45 H



CAMPO DA FESTA

The Rapants, son unha das bandas con máis proxección da escena galega actual de feito non hai festival ou verbena que se precie que non os teña no seu cartel. Cuns temas moi animados e un directo enerxizante alegrarannos a noite do sábado. Os muradáns actuarán acompañados pola banda valdeorresa nun espectáculo único que promete encher a praza do Campo da Festa.



Domingo 14 de setembro

Madrugón



08:00 H



RÍO SIL

31 edición desta tradicional baixada a nado do río Sil. A saída farase dende a zona da Capitana ata o Malecón. Haberá agasallos para todas as persoas participantes e premios para a 1º muller, o 1º home, a familia máis numerosa e o mellor disface. Ao finalizar, os participantes poderán coller folgos cun chocolate con churros. Non precisa inscrición.



Agrupación tradicional Raiola de Son coas Calantornias



11:30 | 12:30 H



RÚAS DO BARCO

As Calantornias percorreren as rúas do Barco acompañadas polos cabezudos e os integrantes da agrupación de música tradicional Raiola de Son.



Procesión e misa do Cristo



12:00 H



PRAZA MAIOR

Procesión coa imaxe do Xesús Nazareno acompañado pola Banda de música Ciudad de Ponferrada e posterior misa solemne.



XXXVII Milla Urbana do Barco



18:00 H



MALECÓN

Proba nacional de atletismo nas categorías absolutas masculina e feminina e carreira popular para todas as idades. Ás 20:30 terá lugar a entrega de premios no Malecón.



Concerto da Banda de Música "Ciudad de Ponferrada"



18:30 H



PASEO DO MALECÓN (ZONA CORREOS)

A Banda de Música "Ciudad de Ponferrada" conta con 29 anos de historia como asociación cultural, pero as súas raíces afóndanse moito máis atrás no tempo. As primeiras testemuñas que se teñen dela remóntanse ao 1878. Nos anos 80, na última refundación, a banda vaise desenvolvendo e mellorando ata converterse na agrupación que hoxe é.

Espectáculo pirotécnico



22:30 H



MALECÓN

Un dos imprescindibles das Festas do Cristo, a tradicional sesión de fogos artificiais disparados por Pirotecnia Penide.



Orchestra París de Noia



21:15 | 01:00 H



CAMPO DA FESTA

Falar de **París de Noia** significa retroceder no tempo ata o ano 1957. Co título de ser unha das mellores orquestras de Galicia, neste 2025 a súa xira leva o nome de **Xira do Sua-Sua** e ten como grande atractivo a participación de Blas, unha das voces máis recoñecible do grupo. 15 persoas máis, entre músicos, cantantes e bailaríns, acompañarano enriba do escenario para ofrecernos, no día grande das Festas, a mellor música tradicional e os temas máis contemporáneos acompañados de diferentes performances inspiradas en shows de artistas internacionais.



Concerto Caamaño e Ameixeiras



23:00 H



PRAZA MAIOR

Caamaño & Ameixeiras é un dúo galego de folk/música tradicional galega formado no ano 2018 pola acordeonista de Oza dos Ríos Sabela Caamaño e a violinista e vocalista de Laxe Antía Ameixeiras. Ata a data o grupo leva editados dous álbums de estudio, **Aire!** (2021), que recibiu o Premio Martín Códax da Música na categoría folk, 1º Premio no *Folkez Blai 2021* (Ermua, País Vasco), Premio Opinión da Música de Raíz ao disco do ano e o seu segundo álbum **Quitar o aire** (2023) no que **Caamaño & Ameixeiras** resignifican e actualizan os códigos da música de raíz.



Luns 15 de setembro

Charanga Nova de Trives



12:00 H



RÚAS DO BARCO

Percorrerán as rúas do Barco animándonos a seguir gozando da festa.



Bule, Bule

(Teatro para público familiar)

(Entrada con prezo reducido: 3€)



18:30 H



TEATRO LAURO OLMO

A Candela encántalle o mar e soña con ser patroa dun barco, que quere construír ela mesma. Ser patroa non é unha tarefa doada... e facer un barco tampouco. A Candela gústalle moito pasar tempo co seu amigo Bruno, quen vive nun faro e sente verdadeira paixón por compoñer música. Candela, a quen chaman Bulebule, ten TDAH (Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade).

Bulebule é unha fermosa obra que explora os camiños da igualdade, destacando o esforzo das mulleres por derrubar as barreiras que lles impiden acceder a determinadas profesións.

Sucando os mares das aspiracións de Candela, a obra amosa a súa ilusión e tesón por acadar os seus soños, malia as dificultades que, como grandes ondas, lle impón unha sociedade que non sempre entende a súa incansable enerxía.



Orquestra Olympus



20:00 H
(PASE UNICO)



CAMPO DA FESTA

A **Orquestra Olympus**, está considerada unha das grandes referencias do panorama musical galego. Cun elenco renovado, un alto nivel de experiencia e talento e unha xira **De Cine** será a sensación do público, poñendo a guinda ao programa das Festas do Cristo 2025.



Martes 16 de setembro

Día do neno e da nena



19:00 H

PREZOS ESPECIAIS
EN TODAS AS ATRACCIÓNS



HORA SILENCIOSA



Durante os días de festa, as atraccións terán de 19:00 a 20:00 h o son apagado para permitir o acceso ao recinto da festa a aquelas persoas con sensibilidade ao ruído.

HORARIOS DE BOMBAS



5 ao 13 de setembro

Novena ás 19:30 h

Venres 12 de setembro

Chupinazo: aprox. ás 22:00 h, Inicio de verbena: 22:45 h

Sábado 13 de setembro

Bombas alborada: 11:00 h, Descenso: 18:15 h e 18:30 h,
Inicio da orquestra de tarde: 20:45 h

Domingo 14 de setembro

Madrugón: 08:00 h a 08:20 h (3 tiradas), Inicio da festa:
11:00 h, Procesión: 12:00 h, Remate da procesión: 12:30 h,
Inicio da orquestra: 20:45 h, Espectáculo pirotécnico:
22:20 h (aviso) e 22:30 h a 22:50 h tirada continuada

Luns 15 de setembro

Inicio da festa: 11:00 h, Inicio da orquestra: 19:45 h e
Final de festa: 23:15 h



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

DESEÑO DO CARTEL: ANXO BARANGA